



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento desta corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**.

A Deputación Provincial de Ourense conta cun avultado parque móbil (en concreto máis dun cento de turismos e furgonetas, ademais doutros dous centos de vehículos pesados, maquinaria e técnicos) que, no caso dos vehículos destinados a autoridades e cargos electos, vén sendo utilizado de forma discrecional, sen que conste publicamente a existencia dun control que permita certificar un uso racional, eficiente e transparente. Ó grupo provincial do PSdeG-PSOE tampouco lle consta a existencia nin de instrucións concretas sobre a súa xestión nin de regulamento sobre este patrimonio de carácter público, no caso concreto dos coñecidos como coches oficiais. Nos vehículos destinados ós traballadores, sen embargo, si se teñen adoptado algunhas medidas de control interno como o GPS.

O Concello de Ourense acordou recentemente a supresión e poxa de dous vehículos oficiais, polo que o bipartito local de PP e Democracia Ourensana pasará a empregar vehículos autotaxi ou transporte público, segundo manifestou o goberno “porque sale máis barato”. Esta medida foi xustificada co fin de frear o “despilfarro” e o “gasto excesivo” que estes dous vehículos ocasionaban ás arcas públicas. Os socialistas cremos que a decisión non deixa de ser unha medida só de cara a galería se unicamente se executa no concello da capital, xa que os responsables políticos que tomaron esta decisión son os mesmos que empregan, xunto con todo o seu séquito, de forma indiscriminada e sen dar explicacións, os vehículos oficiais ó servizo do bipartito de PP e DO na Deputación Provincial.

O obxectivo da nosa proposta é acadar a maior eficiencia posible, baixo os preceptos da racionalidade, a boa fe e a transparencia que deben rexer obrigatoriamente a xestión ordinaria de todas as Administracións Públicas. Queremos acadar os máximos niveis de eficiencia pública nesta institución e, para iso, é preciso frear o gasto excesivo que supoñen estes numerosos vehículos destinados só a cargos e autoridades. Para iso cremos imprescindible racionalizar o parque móbil e implantar un sistema que permita acreditar publicamente que estes desprazamentos, no medio que sexa, se efectúan só para actividades directamente relacionadas coa actividade pública da Deputación.

Así mesmo, estamos nun momento no que diversos foros defenden un necesario novo enfoque para o presente e o futuro mobilidade, que pasa polo impulso de medios e servizos de transporte máis sostibles medioambientalmente. No caso que nos ocupa, isto implica necesariamente a supresión do uso discrecional de vehículos oficiais, e a súa substitución polos desprazamentos en transporte público colectivo (tren, autobús ou avión, entre outros) ou polo servizo de autotaxi, nos casos nos que non exista outra alternativa. De feito, desde o Grupo Provincial Socialista entendemos que, para acadar unha maior racionalización e

socialistaourense@gmail.com

Facebook: [PSdeGdeOurense](#)

Twitter: [@PSdeGDepOU](#)



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

eficiencia económica, esta institución debería empregar eses taxis mediante a convocatoria dun concurso público ou a través da formalización dun convenio cos profesionais do sector para a prestación dos seus servizos.

Os socialistas defendemos que, no caso concreto da institución provincial ourensá, a adopción destas medidas para racionalizar o parque móbil, en concreto os coches oficiais, permitirían alcanzar mellores índices de sustentabilidade financeira; estabilidade e eficiencia orzamentaria; responsabilidade e lealdade institucional; transparencia e bo goberno; e respecto polo medio ambiente. Tamén suporían unha alternativa real ó gasto excesivo que implica o uso individualizado dos vehículos oficiais, gasto no que debemos sumar o mantemento técnico, combustible, seguro de accidentes ou retribución dos condutores.

Respecto ó persoal adscrito a dito servizo, debemos indicar que pode ser reubicado no servizo de augas e medio ambiente da Deputación, que é de onde proveñen, o que tamén suporía un aforro considerable e, ademais, contribuiría a potenciar outros servizos públicos provinciais con maiores necesidades de persoal.

Polo exposto o Grupo Provincial Socialista presenta estas **PROPOSTAS DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Que se proceda a suprimir os vehículos oficiais da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa venda ou poxa polos cauces legais oportunos, de xeito que a partir da materialización do presente acordo, os deputados, deputadas e persoal ó seu servizo pasen a empregar os servizos públicos de transporte colectivo ou de autotaxi, segundo sexa máis eficaz e eficiente para as arcas provinciais en cada caso.

SEGUNDO.- Que a Deputación Provincial de Ourense proceda á tramitación dun concurso público para a realización de desprazamentos mediante o servizo de autotaxi, ou ben se formalice un convenio coa asociación de profesionais do autotaxi da provincia de Ourense, para a utilización dos seus servizos.

TERCEIRO.- Que a Deputación Provincial de Ourense implante un rexistro público, de actualización mensual e accesible a través da páxina web da institución, no que poidan ser consultados, en todo momento e por todos os cidadáns, as viaxes realizadas, as persoas que participaron en cada desprazamento, os motivos e os custes.

En Ourense, 10 de setembro de 2019.

Asinado: José Ignacio Gómez Pérez



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

socialistaourense@gmail.com

Facebook: [PSdeGdeOurense](#)

Twitter: [@PSdeGDepOU](#)